

Os frades de San Francisco tamén interveñen na guerra

A Reconquista de Vigo foi obra de todos. Na súa maior parte, un traballo de paisanos, de labregos, de mariñeiros, de homes e mulleres que defendían a súa vida e propiedades. Dos políticos, por outra banda, pouco podemos contar.(...)

É por iso que a loita foi unha cuestión de todos, e nela participaron tamén, en vangarda, os relixiosos. Bo exemplo temos no convento de San Francisco, nun outeiro sobre o Berbés, no que os frades se converteron en auténticos partisanos, loitando contra os ocupantes.

Xa desde o 31 de xaneiro, coa entrada dos franceses na vila, o convento é convertido en hospital para os feridos do exército imperial. (...) Os hóspedes esnaquizaban canto podían no Convento e saqueaban as prezadas reservas de víveres e viño dos monxes.

Algúns dos monxes non esperaron a ver qué desfeitas facían os invasores e fuxiron o mesmo día 31 de xaneiro, mentres os húsares do maior Nicolás entraban pola porta da Gamboa. O máis afamado destes frades foi Andrés Villageliú.

Villageliú entrégase á súa misión de enlace entre os voluntarios galegos e, camuflado pola súa vestimenta relixiosa, logra entrar e saír de Vigo en varias ocasións, para extraer municións e armas para os sublevados que se atopan fóra das

murallas.

Os que permanecen no convento, adícanse pola súa banda ao pillaxe e se dispoñen a roubarlle as armas aos franceses enfermos que teñen aloxados.

Os documentos da época falan tamén da misión dos frades como correos, pasando mensaxes secretas entre os sitiadores e a resistencia que opera dentro das murallas.

Eduardo Rolland
LA VOZ DE GALICIA
22/03/2009

1. Le o texto anterior.

2. Empregando as ferramentas que te ofrece a páxina web do Colexio, infórmate sobre o **siñificado das palabras**:

- x partisano
- x guerrilleiro

3. Despois de terte informado, **elabora a túa propia definición**.

4. Como podedes comprobar, as fazañas dos partisanos eran bastante novelescas. Existen múltiples exemplos cinematográficos e ilustrados sobre esta época: a serie Curro Jiménez e algúns cómics que podes atopar na Internet.

Le estes cómics que están enlazados na nosa páxina web:

<http://www.forohistoria.com/tebeos/soldados.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/elcaballerosinnombre1.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/comicsitios.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/batallavitoria.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/guerrilleroespanoles.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/lapartidadelchamberggo.pdf>

5. Por último, **elabora o teu propio cómic sobre as accións que os frades de San Francisco levaron a cabo durante a Reconquista de Vigo.**

Puedes utilizar o programa ***Comic Life*** para facer a montaxe.